



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

MEMORIA DA ALCALDÍA: Suplemento de Crédito núm. 16/2025

No cumprimento do establecido no artigo 37.2 do RD 500/90, polo que se aproba o Regulamento orzamentario, esta Alcaldía xustifica a necesidade da tramitación do presente expediente de modificación orzamentaria, modalidade suplemento de crédito, tramitado co número **16/2025**, especificando as partidas e os medios ou recursos que haberán de financeira, mediante a presente **MEMORIA**.

I.- Antecedentes administrativos:

Primeiro: Por Providencia da Alcaldía do 19/02/2025 incóase o procedemento para a confección e aprobación da Liquidación do Orzamento de 2024.

Segundo: Con data de 27.02.2025 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 16/2025 referente á aprobación da liquidación do expediente do orzamento.

Terceiro: Con data de 27.02.2025 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 17/2025 relativo á da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de endebedamento na liquidación do Orzamento de 2024.

Cuarto: Por Resolución da Alcaldía núm. 98/2025 do 27.02.2025 apróbase a Liquidación do Orzamento de 2024.

Vistas as seguintes magnitudes derivadas da Liquidación do Orzamento do exercicio 2024 e o nivel de endebedamento a 31.12.2024 do Concello de Lousame:

- Superávit orzamentario de **26.981,49 €**
- RLTX de **266.426,94 €**
- Endebedamento a 31.12.2024: **1.080.890,38 €**
 - o Con entidades bancarias ou financeiras: 0,00 €
 - o Coa Deputación Provincial (Préstamos Provinciais) a 31.12.2024: 867.460,92 €
 - o Co IGVS (Fondo de Cooperación 2022 e 2023) a 31.12.2024: 213.429,46 €
- Período Medio de Pago a Proveedores a 31.12.2024: **12,53 días**

Quinto: O RLTX xa foi empregado para financiar as seguintes modificacións orzamentarias:

- MC 3/2025, modalidade de incorporación de remanentes de crédito, por importe de 32.178,24 €. Incorporación de carácter obrigatorio, ao tratarse de proxectos de gasto afectados ou por tratarse de gastos xa comprometidos no exercicio anterior.
- MC 4/2025, modalidade crédito extraordinario, por importe de 79.924,46 €, para cancelar a débeda comercial pendente do ano 2024.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

II. Obxecto da modificación orzamentaria

Neste expediente de modificación orzamentaria 16/2025, modalidade suplemento de crédito, vaise dotar o crédito necesario para afrontar a achega municipal do ano 2025 que lle corresponde asumir ao Concello, no seguinte investimento:

MT200A. Plan HURBE. Pavimentación núcleo de Camboño: 384.478,23 €. Xunta (269.134,76 €) + IRC IGVS 22 (63.052,27 €) + Concello (52.291,20 €) Achega municipal, anualidade 2025: 52.291,20 €. Execución pola Xunta de Galicia	52.291,20
--	------------------

A aplicación orzamentaria na que se suplementa o crédito específico é a seguinte:

AG	Económica	Proxecto de Gasto	Investimento	Crédito actual	SC 16/25	CD
1532	61900	2023/2/25.23/1	Plan HURBE. Pavimentación núcleo de Camboño	63.052,27	52.291,20	115.343,47

III. Xustificación do carácter indemorable da modificación

Para esta Alcaldía é prioritario dotar o crédito necesario para dotar a achega municipal que corresponde asumir ao Concello no ano 2025.

IV. Xustificación do carácter específico e determinado dos gastos

Este aspecto queda xustificado polo detalle presentado dos gastos.

V. Inexistencia no estado de gastos do orzamento de crédito orzamentario axeitado e suficiente

Nin no orzamento prorrogado do 2024 para o 2025, nin no orzamento definitivo do 2025, xa elaborado para a súa aprobación inicial, existe dotado crédito específico para a finalidade sinalada. Por iso debe ser dotado na contía ante especificada.

VI. Financiamento da modificación

O suplemento de crédito será financiado co Remanente de Tesourería para gastos xerais, derivado da Liquidación do exercicio 2024, de acordo cos artigos 177 do TRLRFL e 36.1.a) do RD 500/1990, de 20 de abril.

Documento asinado dixitalmente.

A Alcaldesa
M^a Teresa Villaverde Pais